



Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

## **TEODORO DE FRANCISCO ANTES, ARQUITECTO DO CONCELLO DE ARBO .- PONTEVEDRA**

**ASUNTO:** PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN XOÁN DE BARCELA. FASE I. CONCELLO DE ARBO

### **INFORMO:**

O Proxecto de Mellora da Mobilidade Peonil no entorno da Capela de San Xoán de Barcela abrangue un ámbito de actuación de 4.120 m<sup>2</sup> na área central do núcleo rural de Barcela, asentamento de altísimo valor patrimonial, histórico e social.

As actuacións proxectadas prevén a recuperación para o peón deste ámbito de gran valor patrimonial e o tratamento axeitado destes espazos heteroxéneos, buscando harmonizalos e cuns obxectivos específicos tales coma a creación dun espazo público de calidade, a mellora e aumento da superficie destinada ao peón e á bicicleta, con vías continuas e atractivas, así como o establecemento dun novo modelo de xerarquización viaria a nivel urbano, destinado a diminuír o impacto do vehículo privado e facilitar as conexións peonís no propio núcleo, derivando o tráfico rodado ao viario xeral. O deseño dos espazos urbanos virá caracterizado principalmente pola posta en valor dos elementos patrimoniais, converténdoo nos protagonistas duns escenarios onde desenvolver diversas actividades de carácter peonil, na procura de intensificar as relacións sociais e de ocio entre os habitantes e visitantes do núcleo.

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:arbo@concellos.depontevedra.es






Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

O respecto aos elementos culturais e aos espazos de actividade social tales como a Praza de Barcela, escenario habitual de celebracións e actos festivos, que conforman unha parte do patrimonio inmaterial do núcleo de Barcela.

As obras sitúanse en Solo de Núcleo Rural



**Existen diferentes elementos catalogados no entorno, polo que é preciso autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.**


- A Igrexa Parroquial de San Xoán de Barcela
- Cruceiro en San Xoán I
- Cruceiro en San Xoán II
- Farol en San Xoán
- Capela de San Xoán de Barcela

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:arbo@concellos.depontevedra.es





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F



As obras considéranse acordes coa lexislación vixente.

A obra **SI** resulta compatible coa normativa urbanística vixente no Concello de Arbo e coa **Lei 2/2016 do Solo de Galicia** e considérase acordes coa lexislación vixente.

Non se contempla no proxecto a ocupación de terreos de titularidade privada, toda a obra farase en terreo de titularidade municipal ou en terreos cedidos ao Concello, de acordo coa certificación de data 13 de marzo de 2023 de que na Asamblea Xeral Ordinaria da CMVMC de Barcelá celebrada o pasado 26 de xuño do 2022 cedeuse ao Concello de Arbo e 200 m2 no Torreiro do Cruceiro.

Enlace para descargar proxecto completo: <https://we.tl/t-tl6ntBIsRI>

Teodoro de Francisco Antes. Arquitecto Municipal. Firma electrónica

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:arbo@concellos.depontevedra.es

